


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

19-20 de agosto do 2023

XX ORDINARIO A



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

O berro dunha muller estranxeira no evanxeo de hoxe é o berro de cada vez máis persoas que ven como a súa dignidade é excluída, esquecida e asoballada no nome de intereses políticos, económicos ou estratéxicos.

O evanxeo é para todos, de balde e sen distincións, non unha propiedade particular como pretenden algúns. Calquera pode acercarse a el e recibir a boa nova da salvación e do amor de Deus.

Fagamos honra do noso calificativo de “católico” = universal. Saibamos pois compartir a fe con todos, sen mirar a súa cor, ideoloxía, cultura ou procedencia, pois todos estamos chamados a vivir a fe nun mesmo Deus Pai.

Celebremos entón a nosa fe en comunidade acollendo a todos.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Xesús dá esperanza a todo o que acude a El, aínda que as veces teña que ir dando pouco a pouco exemplo aos que lle acompañaban e non o entendían. Nós hoxe temos que pedir perdón porque moitas veces non somos acolledores coma El:*

Monitor/a

➤ Pola nosa falta de compaixón e acollida

SEÑOR, ENCHE DE VIDA O NOSO CORAZÓN

➤ Pola nosa incapacidade para entender aos que non pensan coma nós e os deixamos de lado

CRISTO, ENCHE DE VIDA O NOSO CORAZÓN

➤ Polas actitudes que nos levan a rexeitar a moitas persoas que cremos que non son coma nós

SEÑOR, ENCHE DE VIDA O NOSO CORAZÓN

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar á nosa beira. Encha os nosos corazóns de vida e a todos, nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración confiando nas mans de Deus Pai a nosa oración e pedimos que ninguén se sinta rexeitado dentro da nosa comunidade e da Igrexa.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, ti, que preparaches bens para aqueles que te aman, enche os nosos corazóns co teu amor. Fai que amándote a ti en todo e sobre todo, academos as túas promesas de paz, que superan todas as fronteiras.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A persoa de Xesús atraía a todos os que necesitaban axuda, consolo ou esperanza, e El atendíaos sabendo dar a cada quen o que precisaba.*

Que nós aprendamos a ser acolledores para poder facer vivo o seu Evanxeo nunha sociedade e nunha igrexa que moitas veces segue a excluír á muller.

Leccionario I A páx 238 **Is 56,1.6-7** LECTURA

LECTURA DO PROFETA ISAÍAS

Di Así fala o Señor:

cumpride o dereito e practicade a xustiza, que a miña salvación está próxima a chegar e a miña xustiza (está próxima) a mostrarse.

E aos fillos de estranxeiro que se apegan ao Señor,
servindo e amando o Nome do Señor,
sendo os seus servos,
a todo o que garde o sábado sen profanalo
e aos que se manteñan firmes na miña Alianza,
traeremos ao meu monte santo
e alegraremos na miña casa de oración.

Os seus holocaustos e os seus sacrificios
servirán de ofrenda de amor sobre o meu altar.

Palabra do Señor

🎵 *Na tardiña baixa da vida* **SALMO**

(en pé) *Leccionario I A páx 240 Mt 15, 21-28 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela foi Xesús para a comarca de Tiro e Sidón. E apareceu unha muller cananea daqueles contornos, que berraba:

- Compadécete de min, Señor, Fillo de David: a miña filla está atormentada por un demo.

Pero el non respondeu palabra. Achegándoselle os seus discípulos, rogábanlle:

- Despídea, que vén berrando detrás de nós.

El contestoulles:

- Non fun enviado máis que ás ovellas extraviadas da casa de Israel.

Pero ela alcanzounos e, prostrándose, suplicoulle:

- ¡Señor, váleme!

El respondeulle:

- Non é ben quitarlle o pan aos fillos para llelo botar aos cadelos.

Pero ela contestou:

- Non é, Señor, non; pero tamén os cadelos comen das migallas que caen da mesa dos seus amos.

Entón respondeulle Xesús:

- ¡Muller, a túa fe é ben grande: fágase, logo, como desexas!

E a súa filla ficou sa naquela hora

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Neste encontro parroquial, deixándonos guiar por Xesús na nosa oración e sabendo que Deus está aquí connosco, proclamamos a fe que nos une en comunidade de irmáns:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus, no Deus que nos creou á súa imaxe e que nos ama, nos acolle e nos convida a vivir sendo acolletores con todos?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, que quixo compartir a nosa vida, que o fixo sentíndose irmán con todos, e que con palabras e feitos escoita os berros dos homes e mulleres que son asoballados e desprezados?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo, que nos alenta a acoller sen facer diferenzas por pensar, crer ou vivir de xeito diferente?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa, comunidade que acolle e non rexeita, que ten compaixón e non asoballa?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe, seguindo o exemplo de Xesús, hoxe queremos acoller o berro dos que son desprezados e inxustamente tratados na nosa sociedade, e facémolo dicindo:*

Señor, ten compaixón

Monitor/a:

✓ *Polas persoas tratadas con desprezo e polas que ninguén quere escoitar, oremos*

✓ *Polas mulleres que sofren violencia de xénero e as que viven con medo, oremos*

✓ *Polos refuxiados tirados e sen futuro, que só atopan desprezo e actitudes intolerantes, oremos*

✓ *Polas persoas que berran pedindo xustiza e polas que non son tidas en conta na nosa sociedade, oremos*

✓ *Polos homes e mulleres quen en Canadá, ou en Tenerife, están sufrindo as consecuencias duns lumes tremendos, oremos*

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe coa nosa oración comprometémonos a dar unha man para facer crible o evanxeo de Xesús, noso Señor que vive e reina por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Xesús nin aparta, nin se aparta, ao contrario, achégase e no seu diálogo vainos mostrando como é posible rezar xuntos, camiñar xuntos e buscar canto une. Así rezamos agora con Xesús dicindo:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Non pode haber paz nunha sociedade que exclúe a algúns dos seus membros ou non os acepta. Que coa nosa vida sexamos acolledores e así poidamos facernos transmisores de paz para todos. É hora de dármonos a paz.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Xesús acóllenos a todos á súa mesa sen distincións de persoas.*

Ditosos nós que hoxe fomos acollidos ao redor desta mesa e sentímonos enviados por El a ser acolledores con todos para facer realidade o seu Reino. Ditosos nós convidados a este banquete do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abunda para me salvar

♪ **Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, por esta celebración fasnos participar na vida de Cristo.

Que a túa bondade nos faga semellantes a el na terra, para que poidamos participar da súa gloria no ceo.

Pedímoscho a Ti, que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

Como Xesús escoitando o berro da muller cananea, temos a responsabilidade de escoitar a voz das desprezadas e rexeitadas pola sociedade.


Con Xesús aprendemos a ser acolledores e transmisores de esperanza,

como Xesús vivamos dende a tolerancia e o respecto con quen pensa, cre ou vive diferente, e sempre asumindo a nosa responsabilidade persoal ante a paz.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

Podémonos ir en paz



“Xesús díxolle á muller:

- Non é ben quitarlle o pan aos fillos para llelo botar aos cadelos.

Pero ela contestou:

- Non é, Señor, non; pero tamén os cadelos comen das migallas que caen da mesa dos seus amos.

Entón respondeulle Xesús:

- ¡Muller, a túa fe é ben grande!”

Palabras do evanxeo de hoxe